



Vistos os informes presentados por D. Juan Carlos López García, arqueólogo director dunha *excavación arqueolóxica en área no inmovible nº 26 da rúa Miño (U.E. 150522) da cidade de Lugo*, do Servizo Municipal de Arqueoloxía do Concello de Lugo e do arqueólogo da Delegación Provincial de Lugo da Consellería de Cultura e Deporte, e

Resultando que, en data 18 de maio de 2004, e logo da autorización dunhas sondaxes arqueolóxicas en data 15 de decembro de 2003, esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural resolveu *"a necesidade de incorporar aos proxectos de rehabilitación correspondentes os resultados das actuacións realizadas en cada un dos inmovibles, de cara a determinar a actuación arqueolóxica axeitada a cada caso"*.

Resultando que, en data 23 de decembro de 2005, e logo da autorización dun control arqueolóxico de remoción de terras na rúa Miño nº 26 (U.E.150522) en data 10 de maio de 2005, a Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte de Lugo, en aplicación da resolución do 11 de novembro de 2005 pola que se delega nos delegados provinciais da Consellería de Cultura e Deporte o exercicio de determinadas competencias, resolveu *"autorizar a continuación das obras, sempre que non se afecte ás estruturas arqueolóxicas. Para a salvagarda destas, se deberá modificar o proxecto constructivo no referente á localización do ascensor e a cota do solo da planta baixa. No momento que se considere oportuno para o desenrolo da obra, se procederá a completar a excavación arqueolóxica, para o que se presentará o correspondente proxecto"*.

Resultando que, en data 2 de febreiro de 2006, esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural resolveu autorizar a realización dunha excavación arqueolóxica en área no inmovible nº 26 da rúa Miño (U.E. 150522) da cidade de Lugo, baixo a dirección de D. Juan Carlos López García, arqueólogo.

Resultando que, en data 26 de xuño de 2006, ten entrada no Rexistro Xeral da Consellería de Cultura e Deporte a memoria técnica da referida actuación, asinada polo arqueólogo director da mesma.

Considerando que os traballos se desenvolveron conforme ó proxecto presentado, e que, con motivo dos mesmos, se documentaron no Sector 1 restos romanos de pouca entidade e deficiente conservación, mentras que no Sector 2 deixouse á vista a bóveda dunha cloaca romana e restos asociados que se atopan nun bo estado de conservación e teñen un alto valor patrimonial e monumental.

Considerando que os restos atopados no Sector 1 foron debidamente documentados e que a localización do ascensor non pode ser modificada, e que o promotor pretende integrar os restos atopados no Sector 2 no edificio a construír.

Esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

RESOLVE:

Estimar a proposta municipal e autorizar, no ámbito das súas competencias, a continuación das obras no inmovible nº 26 da rúa Miño (U.E. 150522) da cidade de Lugo, se ben éstas levaranse a cabo de acordo coas seguintes condicións:

1. Garantirse a conservación *in situ* do conxunto de restos arqueolóxicos atopados. Para elo, e previo ó inicio das obras, procederáse á cubrición das estruturas arqueolóxicas mediante un xeotextil e posterior capa de áridos. No Sector 1 se poderá desmontar o esquinál do muro denominado UE13b, de cara á instalación do ascensor, se ben a



desmontaxe deberá facerse baixo a supervisión do arqueólogo director da escavación arqueolóxica en área autorizada en data 2 de febreiro de 2006. No caso de apareceren restos arqueolóxicos durante o proceso de control, procederase ao seu rexistro e documentación mediante unha metodoloxía arqueolóxica axeitada.

2. Para o denominado Sector 2 da memoria, se deberá presentar unha proposta de posta en valor que estudie a integración dos restos arqueolóxicos no edificio, garantindo a súa integración na escea urbana e o seu uso e disfrute público en virtude da súa significación histórica e bo estado de conservación. Para elo cómpre a presentación dun proxecto dos tipificados no artigo 2c do decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, para o seu informe polo concello de Lugo e autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
3. Unha vez rematados os traballos de control arqueolóxico, o arqueólogo director presentará un informe ó seu remate, que logo se adxuntará á memoria técnica final da intervención arqueolóxica.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada perante a Consellería de Cultura e Deporte, no prazo de un mes, contando desde o día seguinte ó da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/99, do 13 de xaneiro, sen prexuízo do disposto polo artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, respecto das reclamacións derivadas dos litixios que se substancien entre as distintas administracións públicas.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2006

O director xeral de Patrimonio Cultural

